

ECONOMÍA. O SECTOR PÚBLICO

ACTIVIDADE 1. OS ORZAMENTOS PÚBLICOS

Obxectivos:

- ◆ Coñecer os orzamentos do sector público: Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Administración Local en Galicia.
- ◆ Analizar a evolución da liquidación dos orzamentos nos últimos anos.
- ◆ Estudar a procedencia dos ingresos e o destino dos gastos dos orzamentos públicos.
- ◆ Comparar a previsión inicial dos ingresos e gastos orzamentarios coa liquidación.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.

Cuestións a resolver:

- 1) Na seguinte táboa móstrase o total de ingresos consolidados para o ano 2012 do Estado, organismos autónomos, Seguridade Social e outros organismos do sector público administrativo.

	Total consolidado (millóns de euros)
Gastos de persoal	33.151,3
Gastos correntes en bens e servizos	7.620,5
Gastos financeiros	28.913,9
Transferencias correntes	214.055,3
Fondos de continxencia e outros imprevistos	2.367,3
Investimentos reais	6.922,5
Transferencias de capital	5.878,8
Activos financeiros	12.869,3
Pasivos financeiros	50.289,2
TOTAL GASTOS	362.068,1

A partir dos datos desta táboa tes que calcular os seguintes importes para o ano 2012:

- a. Operacións correntes: (millóns de euros)
- b. Operacións de capital: (millóns de euros)
- c. Operacións financeiras: (millóns de euros)


- 2) Sabendo que para o ano 2012 o endebedamento bruto do orzamento inicial de ingresos consolidados do Estado, organismos autónomos, Seguridade Social e outros organismos do sector público administrativo era de 85.677,4 millóns de euros ... ¿A canto ascende o endebedamento neto? (millóns de euros)

Endebedamento neto = Endebedamento bruto – amortizacións

- 3) Na seguinte táboa móstrase o estado de ingresos do orzamento consolidado da Administración Xeral, dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas de Galicia para o ano 2012.

	Total consolidado (millóns de euros)
Impostos directos	2.030,2
Impostos indirectos	2.958,6
Taxas, prezos e outros ingresos	180,1
Transferencias correntes	2.615,8
Ingresos patrimoniais	21,8
Alleamento de investimentos reais	31,8
Transferencias de capital	635,4
Activos financeiros	10,9
Pasivos financeiros	1.373,8
TOTAL	9.858,5

Completa a seguinte gráfica:




- 4) ¿Cales son as partidas ás que se dedica unha maior porcentaxe do orzamento de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia? (Indica a partida e a porcentaxe)

	Gasto consolidado (millóns de euros)
Sanidade	3.529,2
Educación	2.210,2
Débeda pública	830,6
Acción social e promoción social	606,0
Promoción do emprego e institucións de mercado de traballo	339,3
Dinamización económica do medio rural	332,7
Infraestruturas	322,4
Desenvolvemento empresarial	178,0
Actuacións ambientais	136,4
Pesca	132,8
Actuacións e valorización do medio rural	127,3
Outras	1.113,5
TOTAL	9.858,5

.....%

.....%

5) Na seguinte táboa preséntase o orzamento inicial consolidado (millóns de euros) da Comunidade Autónoma de Galicia e os ingresos líquidos.



¿Para que anos a previsión inicial do ingresos supera aos ingresos líquidos?

6) Tendo en conta os datos de ingresos e pagos líquidos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2009 e 2010:

	Ingresos líquidos (millóns de euros)	Pagos líquidos (millóns de euros)
2009	11.684,9	10.743,9
2010	11.042,7	10.557,5

¿En que porcentaxe diminuíron os ingresos líquidos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2010 respecto ao ano anterior?%

¿E os pagos?.....%

7) No tocante aos orzamentos consolidados das entidades locais (concellos+deputacións) galegas:

a. ¿Cal é a principal fonte de ingresos?

Impostos directos

Impostos indirectos

Taxas, prezos e outros ingresos

Transferencias correntes

b. ¿A que partida de gasto dedican unha maior cantidade do seu orzamento?

Gastos de persoal

Gastos en bens correntes e servizos

Transferencias correntes

Investimentos reais